

A relación entre as pirámides de poboación e a economía dun país (p.194/95 do libro)

Ola a tod@s hoxe imos explicar a relación entre as **pirámides de poboación** (xa vistas, quen non sepa de que falamos que me mande un correo), o **modelo demográfico** no que está o país (lembrade: antigo, de transición ou moderno) e o **sector económico predominante** (en que traballa a maioría da poboación) do país.

Caso 1. Os países subdesenvolvidos: Os PAISES POBRES


Os países subdesenvolvidos son os máis pobres do planeta, caracterízanse por ter poucos cartos para os servizos básicos (médicos, profesores). Iso trae consecuencias:

1) A mortalidade infantil é máis alta, e tamén a mortalidade xeral:


Somalia é un exemplo deste tipo de país, ten unha mortalidade infantil (nenos que morren no primeiro ano de vida) terriblemente alta (96 ‰, de cada mil nenos nados, morren 96). Ó haber poucos cartos para médicos, e poucos traballos bos, a xente ten maior posibilidade de morrer nova. Ademais, nestes países non suele haber un bo coidado da xente maior (non hai pensións para os ancianos).

2) **A natalidade é máis alta:** Nos países pobres non todos poden acceder a métodos anticonceptivos (preservativos, píldora). Saber que non todos os teus fillos van chegar a maiores motiva a ter máis. E ademais, os nenos traballan, polo que pódense ter moitos, para axudar na economía familiar, e asegurarse de que algún coida ós pais cando se fagan maiores.

3) **A economía é atrasada, do sector primario:** O adícanse ó máis sinxelo tecnolóxicamente, ó sector primario, a agricultura, a gandería, a pesca e a minaría, que **xeneran pouca riqueza**.



The IGAD Region
Somalia está no coñecido coma Corno de África, ó leste do continente. É un dos países máis pobres do mundo.




Vexamos isto nun exemplo: O caso de Somalia.

Á esquerda temos a pirámide de poboación de Somalia. Podedes ver que nacen moit@s nen@s, pero que pouca xente chega a maior. A mortalidade é moi alta.

Nestes países están no **régime demográfico antigo**, como moito comezando o de transición.

Somalia **non ten industrias nin servizos moi desenvolto**, non hai moita xente con estudos para ser empregados en postos complicados, o 40% da riqueza provén dos traballos do **sector primario**. Estas actividades xeneran **pouca riqueza**, pensade que traballar coas mans non produce tanto como facelo cunhas máquinas modernas coma se fai en Europa ou EE. UU.

Moitos dos recursos naturais empregados nas economías ricas do mundo proceden de países pobres coma Somalia, que os teñen que vender por moi pouco prezo, pero logo mercan as cousas que se fan en Europa moi caras. O gaño principal está na transformación de materias primas en produtos, algo que nestes países non poden facer. Ademais, os países ricos fan o posible por non mercarlles produtos agrícolas, o que os arruina.



Caso 2. Os países en vías de desenvolvemento: Os PAISES EMERXENTES



Os países en vías de desenvolvemento son pobres pero non tanto, caracterízanse por ter incrementos de poboación moi grandes, moita xente nova en idade de traballar, o que tamén xenera que aínda que teñen cada vez máis cartos para os servizos básicos (médicos, profesores) tamén teñan cada vez máis clientes (aumenta a poboación de forma moi rápida). Iso trae consecuencias:

1) **A natalidade mantense alta e logo baixa un pouco, a mortalidade e a mortalidade infantil baixan:** Estes países comezan a controlar a mortalidade (medicinas) pero non a natalidade (moitos fillos). Abandona polo tanto o modelo demográfico antigo, para entrar no de transición. O coidado dos anciáns comeza a ser efectivo, aínda que precario (non de todo bo).

2) **A transición demográfica e os seus problemas:** Hai unha explosión demográfica, moitos fillos e crecemento (vexetativo ou natural) do número de habitantes moi rápido. A economía se desenvolve, pero non o suficientemente rápido, o que xenera que as persoas novas queiran emigrar a países onde podan atopar bos traballos.

3) **Unha economía do sector secundario:** Ó haber moita xente nova que quere un traballo os empresarios poden pagar pouco (lei da oferta e a demanda). As empresas multinacionais queren instalar **grandes industrias** (ó pagar pouco ós traballadores os seus produtos son máis baratos). As primeiras en instalarse nestes países serán aquelas que non precisen moita tecnoloxía (textil), e logo, cando o país comece a ter xente con estudos, chegarán as máis tecnolóxicas (coches, barcos, química...).

Vexamos isto nun exemplo: O caso de Marrocos.



Fuente: Ciencias Sociales, geografía e historia 2. Madrid: Anaya, 2002.

Tasa de natalidad
Tasa de mortalidad
Crecimiento natural


Á esquerda temos a pirámide de poboación de Marrocos. Podedes ver que nacen moitos nen@s, pero que os chansos centrais (entre os 20 e 30 anos) son moi anchos. Hai moita xente para traballar.

Nestes países están no **régime demográfico de transición**, o que xenera un crecemento vexetativo da poboación moi forte.

Marrocos **ten industrias de escasa tecnoloxía e servizos máis desenvolvidos que Somalia, pero menos que Europa.**

O **31% da riqueza provén dos traballos do sector secundario (industria) e o 51% do terciario (servizos)**. Estas actividades xeneran **bastante riqueza**, pero non tanta coma en Europa e Ee. UU., onde están as máquinas máis adiantadas e os científicos máis avanzados.

O problema de Marrocos é que ten máis xente nova que traballos. Un de cada cinco (20%) de marroquís xóvenes están a buscar emprego. Iso xenera pobreza, pero tamén moita emigración. Marrocos ten 35 millóns de habitantes e 3.2 millóns de emigrantes fora do seu país, a maioría repartidos entre España e Francia. Iso beneficia ós marroquís, ós que lles permite gañar a vida e enviar cartos a casa, e tamén ós envellecidos países receptores, que ven chegar traballadores novos para as súas industrias e servizos.




Caso 3. Os países desenvolto: Os PAISES RICOS

Os países desenvolto son ricos, caracterízanse por ter altas esperanzas de vida e polo tanto poboación moi vella (en proporción), que xa non está en idade de traballar. Hai necesidades de servizos sanitarios e de cartos para as pensións. A sociedade está tecnolóxicamente avanzada e as persoas teñen soldos altos (se os comparas cos outros países), o que obriga a que os empregos estén moi tecnificados (maquinaria, robots, ordenadores, ciencia) e especializados; pero tamén teñen unha grande produtividade (en pouco tempo fan moitas cousas grazas ás máquinas e ás técnicas). Para manter esta ventaxa na produción hai un grande gasto en formación (profesores). Quenes queiran ter un traballo ben remunerado (bo soldo) teñen que estudar moitos anos. Iso trae consecuencias:

- 1) **A natalidade baixa moito, a mortalidade e a mortalidade son moi baixas:** Estes países comezan precisan que a xente estudie ata ter moitos anos, ademais todo o mundo vive en cidades, o que fai que ter nenos sexa visto coma un gasto, non coma unha inversión no futuro familiar. A natalidade é moi baixa. Nos países ricos hai control de natalidade (preservativos, píldora...), servizos sanitarios de calidade e coidado dos maiores (pensións). Iso xenera unha altísima esperanza de vida (ronda os oitenta anos de media) o que xenera tamén moita xente que precisa de coidados.
- 2) **Poboación avellentada:** A poboación avellentada fai que non haxa en proporción moitos traballadores. Iso xenera problemas para a economía do país. Estes problemas soluciónanse en parte coa chegada de poboación nova en idade de traballar que ven do estranxeiro (inmigrantes).
- 3) **Unha economía do sector terciario:** Ó ter traballos moi productivos (moitos produtos en pouco tempo, tecnoloxía, prestar cartos...) os soldos son mellores. Só haberá fábricas moi tecnificadas (robótica), con poucos traballadores moi preparados e moitas máquinas (as outras marchan a países máis pobres, onde os salarios son máis baratos). Moita xente **adícase ó sector servizos (terciario):** medicina e coidado de maiores, ensino, servizos públicos... Pero tamén turismo, ocio, cultura. Os traballos peor pagados suelen ser ocupados por inmigrantes, que teñen menos formación, pero tamén aceptan soldos peores. Suelen ser traballos moi duros que case ninguén quere.

Vexamos isto nun exemplo: O caso de Alemaña.




Á esquerda temos a pirámide de poboación de Alemaña. Podedes ver que nacen pouc@s nen@s, pero que os chanzos superiores (entre os 50 e 60 anos) son moi anchos. Hai moita xente xubilada ou que se vai xubilarse e non hai traballadores para despois deles. A esperanza de vida é moi alta.

Nestes países están no **régime demográfico de moderno**, o que xenera un crecemento vexetativo da poboación moi feble. Alemaña **ten industrias de alta tecnoloxía e servizos moi desenvolto (medicina, ensino, policía, cultura, deporte...)**. O 29% da riqueza provén dos traballos do sector secundario (industria) e o 70% do terciario (servizos). Estas actividades xeneran **moitísima riqueza, só o 1% da poboación está na agricultura, o sector máis pobre**.

Alemaña gasta todos os anos moitísimos cartos en investigación científica para poder ter as industrias que fan máis con menos (alta produtividade), en educación para que a súa poboación esté formada para traballar coas máquinas máis avanzadas e en gasto social, para que a xente poda vivir moi ben.

O problema de Alemaña está en que en breve moitos dos seus traballadores terán que cobrar unha pensión, e quen lla paga, os traballadores son cada vez menos porque apenas hai nacementos. Alemaña está a aceptar moitos inmigrantes de Europa (españóis, italianos, polacos), e tamén de outros lugares do mundo (Siria, África Subsahariana). Estes inmigrantes envían parte dos cartos ós seus países de orixe. É bo para todos.



Agora que xa liches a teoría, podemos facer exercicios prácticos: Non hai que envialos, tedes eso sÍ que preguntar as dúbidas que as explicarei individualmente. Se non sodes capaces de facer algún exercicio ou vos xenera dúbidas, preguntademe no correo.

Día 1 da semana lee a teoría

Día 2 da semana fai os exercicios 1 e 2

Día 3 da semana fai o resto

1- Busca na wikipedia o posto no PIB per cápita (a riqueza do país dividida polas persoas):

[https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Pa%C3%ADses_por_PIB_\(PPA\)_per_c%C3%A1pita](https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Pa%C3%ADses_por_PIB_(PPA)_per_c%C3%A1pita)

e nesta páxina as Pirámides:

<https://www.populationpyramid.net/>

Dos seguintes países:

- Brasil	- Corea do Sur	- Xapón	- Senegal	- Australia	- Arxentina
- Túnez	- Irak	- Sudáfrica	- Ecuador	- Cuba	- Mozambique

Colócaos según a información que tires destes datos en:

Países desenvoltos

Países en vías de desenvolvemento

Países subdesenvolvidos


2- Cal deses países che parece máis desenvolvido e ¿por qué?

3- Averigua a qué lle pon nome as siglas de países BRICS, identifícaos e di que teñen en común para pertencer a ese grupo:

4- Averigua a porcentaxe de persoas que están a traballar no sector terciario en España

Exercicio voluntario (este podedes facelo ou non)

5- Un caso especial, esta é a gráfica de nacementos e defuncións en España, cando crees que comeza e remata a transición demográfica no noso país. (xa sei que é difícil)



- Investiga que pasou en 1918 en España, igual levas un susto con ese pico da liña verde

- Investiga que pasou entre 1936 e 1939 en España

- Compara a pirámide de poboación española con este gráfico e calcula os chanzos que corresponden cos nados entre 1975-79.